



**DESTINARIOS:  
XEFES DE ZONA  
XEFATURA DE EXPLOTACIÓN**

**INSTRUCCIÓN.**

**ASUNTO: ACORDO DE DELEGACIÓN DE SINATURA.**

Respectivamente o 14 de outubro de 2020 e o 29 de marzo de 2022, a Presidencia de EPE Portos de Galicia aprobou os procedementos e os pregos de condicións anexos aplicables a autorizacións temporais de postos de atracada para barcos con base en portos deportivos e zonas de uso náutico deportivo e de utilización de instalacións de atraque en pantalán, fondeo e depósito en seco para embarcacións profesionais de 3ª, 4ª e 5ª lista en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por aplicación do establecido no artigo 12, apartado 3, subapartados k) e l) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, a competencia para outorgar ditas autorizacións reside na Presidencia da EPE, se ben, a cláusula terceira de ambos os dous pregos de condicións recolle a delegación vixente sobre estas competencias a favor do Director Xeral, outorgada por resolución da Presidencia de 15 de maio de 2019 publicada no DOGA número 102 do 31 de maio de 2019.

As dúas clases de autorizacións se viñan outorgando con anterioridade á entrada en vigor da Lei de Portos de Galicia polas Xefaturas de Zona coa finalidade de axilizar a xestión, de maneira xeral no caso de embarcacións profesionais, e nos portos e instalacións náutico deportivas que tiveran a súa xestión directa asignada ás diferentes zonas da Entidade Pública.

Coa aprobación das resolucións antes citadas, se establece un marco xuridicamente pechado e modelado para regular dita clase de autorizacións, co que os outorgamentos individuais e personalizados baixo ese novo réxime constitúen realmente actos regrados de mera xestión ordinaria, sendo así que co obxectivo de manter unha axilidade máxima na xestión destes expedientes, é conveniente delegar a sinatura destas autorizacións en cada un dos Xefes de Zona da entidade en función do ámbito territorial de cada autorización, ben entendido que esta delegación non empece o feito de que a Dirección manteña a sinatura directa por delegación cando así o estime axeitado, e en particular, no caso de determinados portos e instalacións náutico deportivas que se xestionan directamente dende os servizos centrais da Entidade Pública.

A presente delegación de sinatura, consonte ao establecido no artigo 12 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, observa as limitacións contempladas no artigo 9 desa lei.

Non implica por outra parte alteración da competencia que esta Dirección ostenta por delegación de competencias da Presidencia, polo que en calquera caso, os actos administrativos que asinen os Xefes de Zona se considerará ditados polo órgano delegante,

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
portosdeg Galicia.gal

Ado por: FERNANDEZ AÑÓN, ROI  
Cargo: Director  
Data e hora: 30/03/2023 14:13:36

CVE: 90E1U9t80S7  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





neste caso a Presidencia de Portos de Galicia, sendo así que esgotarán a vía administrativa, e unicamente poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante a propia Presidencia, ou de recurso xudicial na vía xurisdiccional contencioso administrativa.

Ditos actos asinados polos Xefes de Zona farán constar a denominación da Dirección como órgano autorizante, e, a continuación, precedido pola expresión "por autorización" ou na súa forma usual de abreviatura (P.A.), a denominación do Xefe de Zona como Órgano ao que se confire a delegación de sinatura.

O presente Acordo ao que a Presidencia de Portos de Galicia outorgou a súa conformidade o 27 de marzo de 2023 e que se traslada como instrución aos respectivos Xefes de Zona e ás restantes Áreas e Departamentos implicados na xestión destas autorizacións, non será obxecto de publicación en Diario Oficial aínda que si na Páxina Web de Portos de Galicia.

**Santiago de Compostela.**

**O DIRECTOR XERAL.**

**ROI FERNANDEZ AÑÓN**

Asinado por: FERNANDEZ AÑÓN, ROI  
Cargo: Director  
Data e hora: 30/03/2023 14:13:36

CVE: 90E1UdeT80S7  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A - 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 - F. 981 545 324  
[www.portosdeg Galicia.gal](http://www.portosdeg Galicia.gal)